



C O N C E L L O  
DE  
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42  
Internet: [www.morana.org](http://www.morana.org)  
E-mail: [concello@morana.org](mailto:concello@morana.org)  
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)

**“PREGO DE CONDICIONS TECNICAS QUE REXERA A CONTRATACION DO SERVIZO DA “ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA” DO CONCELLO DE MORAÑA”.**

1ª.- A prestación do servizo e a impartición das clases levarase a cabo nas instalacións da Casa de Cultura A.D. Rodríguez Castelao de Santa Lucía, no período escolar dos meses de setembro a xuño, de luns a sábado, en horario fóra da xornada escolar e para un número mínimo de 50 alumnos .

2ª.- Serán por conta do adxudicatario tódolos gastos de dirección, xestión, nóminas, organización de horarios, contratación de persoal, seguridade social e todo o relativo aos gastos de profesorado e organización da escola.

O profesorado contratado terá que dispoñer de titulación oficial (medio ou superior) e o adxudicatario deberá presentar no mes de setembro de cada ano a relación de profesores contratados, cunha copia dos contratos de traballo, alta na seguridade social e título oficial de cada un deles.

Se houber algunha modificación de profesorado durante o curso escolar, deberá presentar a documentación citada anteriormente.

Igualmente á finalización do curso escolar, presentará os partes de baixa na seguridade social de todo o profesorado.

3ª.- As clases de instrumento constará dunha sesión semanal individual de 1 hora.



C O N C E L L O  
DE  
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42  
Internet: www.morana.org  
E-mail: concello@morana.org  
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)

4ª.- Os alumnos de instrumento terán unha clase colectiva semanal de conxunto instrumental de 2 horas

5ª.- Os alumnos de instrumento terán unha clase colectiva semanal de linguaxe musical de 1,30 horas.

6ª.- Os alumnos de música e movemento terán unha clase semanal de 1 hora.

7ª.- Os instrumentos que se ofertarán serán: Piano, Guitarra Clásica, Fruta Traveseira, Fruta de Pico, Clarinete, Oboe, Saxofón, Tuba, Trompeta, Trombón, Trompa, Bombardino e Percusión e os tradicionais de: Gaita, Requinto e Percusión Galega.

A Animadora Cultural e Deportiva

Asdo. María Luisa Ameal Hermida

